



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Estancias Prácticas IV	Código	653G01304	
Titulación	Grao en Terapia Ocupacional			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rosende Celeiro, Iván de	Correo electrónico	ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Profesorado	Cabarcos Dopico, Vicente Cortés Cabeza, Inés Fernández Barreiro, Jorge Juan Hervás Del Valle, María Carmen Nieto Riveiro, Laura Romeu Cés, Tania Rosende Celeiro, Iván de Ruiz Virumbrales, Jorge	Correo electrónico	v.cabarcosd@udc.es ines.cortesc@udc.es j.fbarreiro@udc.es carmen.hervas@udc.es laura.nieto@udc.es tania.romeu.ces@udc.es ivan.de.rosende.celeiro@udc.es jorge.ruiz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende, mediante prácticas diarias dirixidas, desenvolver habilidades que permitan ao alumnado comprender e aplicar as destrezas e coñecementos vinculados coa práctica clínica e/ou comunitaria da terapia ocupacional no eido das persoas adultas con discapacidade de carácter físico, neurolóxico ou sensorial. Descritor: Estadías prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional, traballando axeitadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e competencias propias desta profesión en distintos entornos, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacións.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos: Non se realizará ningunha modificación nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías:</p> <p>a.- Ante un escenario de non presencialidade, que non permita alcanzar o 100% da presencialidade nas horas das Prácticas clínicas, pero que si permita que o alumnado poida cursar de maneira presencial, como mínimo, o 50% desas horas: manteranse as mesmas metodoloxías que na modalidade presencial.</p> <p>b.- Ante un escenario de non presencialidade, que non permita que o alumnado poida cursar, como mínimo, o 50% das horas das Prácticas clínicas:</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <p>Estudo de casos.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Suprimiríanse as metodoloxías Actividades iniciais, Obradoiro, Portafolios do alumnado, Prácticas clínicas, e Recensión bibliográfica.</li><li>- Introduciríanse as metodoloxías Sesión maxistral (por Teams) e Proba mixta.</li></ul> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Correo electrónico: semanalmente. Empregarase esta vía para ofrecer atención individualizada ao alumnado da materia, resolver posibles dúbidas ou consultas, programar titorías virtuais ou realizar o seguimento dos traballos solicitados.</li><li>- Campus Virtual: semanalmente. Cada semana, comunicarase a través do Foro de novas información actualizada sobre a materia, e poñerase a disposición do alumnado documentación e materiais relativos aos contidos e temáticas centrais da materia. Ademais, semanalmente atenderanse as dúbidas ou consultas que faga chegar o alumnado a través dos foros ou da opción de mensaxe privada desta plataforma.</li><li>- Teams: semanalmente. Levaranse a cabo entre 1 e 2 sesións semanais en vivo con todo o alumnado matriculado, na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario oficial da Facultade. Ademais, segundo as necesidades de cada estudante, tamén se utilizará este mecanismo para realizar titorías virtuais individualizadas ou en grupo reducido, previa solicitude do alumnado interesado, ou a petición do profesorado se o estima preciso, co fin de ofrecer seguimento e orientación no desenvolvemento dos traballos da materia. Estas titorías virtuais tamén se levarían a cabo na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario oficial da Facultade (de luns a venres, pola mañá), aínda que se poderían programar noutra franxa horaria se fose preciso, segundo as necesidades específicas de cada estudante.</li></ul> <p>4. Modificacións na avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Estudo de casos: 90%. Valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.</li><li>- Proba mixta: 10%. Valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, e a argumentación ofrecida nas súas intervencións.</li></ul> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Para superar a materia, cada estudante debe participar activamente en todas as metodoloxías propostas e entregar todos os traballos solicitados. Ademais, deberá acadar unha cualificación global mínima de 5 puntos e ter superadas as dúas metodoloxías mencionadas neste apartado, alcanzando como mínimo o 50% da cualificación correspondente a cada metodoloxía. No caso de non acadar a cualificación mínima requirida nalgunha destas dúas metodoloxías, a cualificación global da materia corresponderase coa nota obtida na metodoloxía suspensa.</p> <p>No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (febreiro), a/o estudante deberá repetir na segunda oportunidade (xullo) a entrega de traballos e participar de novo nas metodoloxías propostas. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios de avaliación aplicados no primeiro cuatrimestre.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non se realizarán cambios. O alumnado da materia terá á súa disposición no Campus Virtual toda a documentación e materiais bibliográficos ou audiovisuais necesarios para o desenvolvemento dos traballos solicitados e a preparación da proba mixta. Así, facilitarase documentación elaborada polo propio equipo docente da materia, así como fontes bibliográficas e materiais adicionais cos que o estudantado poida completar os seus coñecementos.</p>
-----------------------------	---



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	Constatar e influir en el debate racional y su razonado en relación a la ocupación humana y la terapia ocupacional.
A6	Trabajar en la sociedad con individuos y grupos para fomentar la promoción de la salud, la prevención, la rehabilitación y el tratamiento.
A9	Utilizar el potencial terapéutico de la ocupación a través del uso de la actividad y el análisis y síntesis ocupacional.
A10	Adaptar y aplicar el proceso de terapia ocupacional en estrecha colaboración de individuos/población.
A12	Colaborar con comunidades para promover la salud y el bienestar de sus miembros mediante la participación en la ocupación.
A13	Buscar activamente, evaluar críticamente y aplicar los rangos de información y de evidencia para asegurar que la práctica es actualizada y relevante al cliente.
A14	Valorar críticamente la práctica de la terapia ocupacional para asegurar que el foco está sobre la ocupación y el funcionamiento ocupacional.
A15	Trabajar según los principios de la práctica centrada en el cliente.
A16	Construir una relación terapéutica como base del proceso de la terapia ocupacional.
A17	Establecer sociedades de colaboración, consultar y aconsejar a clientes, trabajadores sociales, miembros de equipo y otros en la práctica de la ocupación y la participación.
A18	Colaborar con clientes para abogar al derecho de tener sus necesidades ocupacionales satisfechas.
A19	Apreciar y respetar las diferencias individuales, creencias culturales, costumbres y su influencia sobre la ocupación y la participación.
A20	Preparar, mantener y revisar la documentación de los procesos de terapia ocupacional.
A21	Cumplir con la política y procedimientos locales/regionales/ nacionales/europeos, normas profesionales y regulaciones del empleo.
A22	Mostrar continuamente el proceso de aprendizaje y cambios en la TO.
A24	Mostrar seguridad, autoconocimiento, autocrítica y conocimientos de sus propias limitaciones como terapeuta ocupacional.
A28	Interpretar, analizar, sintetizar y criticar los hallazgos de investigación.
A31	Determinar y priorizar los servicios de terapia ocupacional.
B1	Aprender a aprender.
B4	Trabajar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Trabajar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional.
B7	Comunicarse de manera efectiva en un entorno de trabajo.
B9	Capacidad de aplicar los conocimientos a la práctica.
B18	Planificación y gestión del tiempo.
B22	Habilidades de investigación.
B24	Habilidades de gestión de la información (habilidad para buscar y analizar información proveniente de diversas fuentes).
B29	Trabajo en equipo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.
C6	Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Desenvolver as habilidades prácticas necesarias para poder desempeñar actividades profesionais como terapeuta ocupacional: segundo o estadio de aprendizaxe e de acordo ás competencias seleccionadas. En definitiva, ampliar os coñecementos e a capacidade para aplicar: a teoría e a práctica da terapia ocupacional, e as ocupacións terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A5 A9 A15 A21 A22 A24	B6



Observar, analizar e reflexionar sobre a relación terapéutica en terapia ocupacional. Á súa vez, desenvolver a capacidade para unha comunicación efectiva coas persoas usuarias dos servizos de terapia ocupacional, familiares, grupos sociais e outras/os profesionais; a capacidade para establecer unha relación de empatía coas persoas usuarias, familiares, grupos sociais e outras/os profesionais; e a capacidade para permitir que as persoas usuarias e as persoas encargadas do seu coidado expresen as súas preocupacións e intereses.	A17 A18	B5 B7	C1
Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre o perfil das persoas usuarias dos servizos de terapia ocupacional.	A6 A12 A13	B1	C1 C4
Observar, identificar, preparar, analizar e reflexionar sobre técnicas e estratexias empregadas na práctica da terapia ocupacional.	A9	B5 B18 B29	C6
Desenvolver razoamentos e habilidades de orde superior no xuízo profesional e na toma de decisións.	A10 A14	B9	C4 C6
Desenvolver habilidades de exploración dos recursos de investigación en apoio á investigación e á practica baseada na evidencia.	A13 A28	B22 B24	C1 C4
Dar a posibilidade ao alumnado de ser un(ha) profesional autónoma/o que valora a súa contribución ao equipo e ao servizo.	A16 A19 A31	B4	C1 C4 C6
Inculcar unhas habilidades para a "aprendizaxe ao longo da vida" e un desenvolvemento profesional continuo; e un recoñecemento da importancia destes.	A20	B6	C1 C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. O proceso de intervención da terapia ocupacional no eido das persoas adultas con discapacidade física, neurolóxica ou sensorial. Estadías prácticas altamente dirixidas por terapeutas ocupacionais docentes ou titoras/es dos centros conveniados. Nivel intermedio.	Aplicación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional, traballando axeitadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias desta profesión no eido das persoas adultas con discapacidade física, neurolóxica ou sensorial.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 C6 C7	2	0	2
Estudo de casos	A31 A28 A22 A20 A19 A16 A15 A14 A13 A10 A9 B4 B9 B18 B22 B24 C1 C6 C7	20	10	30
Portafolios do alumno	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B1 B4 B18 B22 B24 C1 C6 C7	1	13	14



Prácticas clínicas	A31 A28 A24 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A13 A12 A10 A9 A6 B1 B4 B5 B6 B7 B9 B18 B24 B29 C4 C6 C7	80	0	80
Obradoiro	A5 A9 A12 A14 A15 A19 A22 A28 A31 B1 B5 B6 B9 B29 C7 C4	10	0	10
Recensión bibliográfica	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B4 B18 B22 B24 C1 C4 C6 C7	1	9	10
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Trátase de actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con esta metodoloxía, preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado. Esta metodoloxía comprende, entre outras accións, a(s) reunión(s) de organización previa que se desenvolvan de forma previa ao comezo das Prácticas clínicas, na(s) cal(es) se comunicará a distribución do alumnado nas diferentes quendas e recursos de prácticas que se oferten na materia.
Estudo de casos	Consiste nunha metodoloxía onde a persoa se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo, a través dun proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da práctica profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Portafolios do alumno	É un cartafol ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado nun período de tempo determinado, cos comentarios e cualificacións asignadas polas/os docentes ou titoras/es, o que permite visualizar o seu progreso. O portafolios inclúe todo o que fai cada estudante, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso realizados polas/os docentes ou titoras/es, etc.
Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que o alumnado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma. As Prácticas clínicas serán realizadas en todos aqueles centros conveniados coa Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, que teñan relación co eido das persoas adultas con discapacidade de carácter físico, neurolóxico ou sensorial. A asistencia ás Prácticas clínicas é obrigatoria. No caso de que a/o estudante non poida acudir puntualmente algún día, segundo o calendario de prácticas establecido, deberá comunicalo tanto ao centro conveniado como ao profesor responsable da materia, sempre que sexa posible de forma previa. Posteriormente, deberá achegar o xustificante correspondente.



Obradoiro	<p>Trátase dunha modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes, na cal se poden combinar diversas metodoloxías ou actividades (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.), a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>O alumnado debe asistir de forma obrigatoria ao 50% das horas correspondentes a esta metodoloxía.</p>
Recensión bibliográfica	<p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, un artigo, unha tese ou unha comunicación a un congreso. Como tal proceso, comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación coa literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do seu contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica e científica é a crítica que merece a xuízo da persoa autora da recensión, en relación con outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación coa súa propia experiencia.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	A atención personalizada farase mediante titorías individualizadas ou en grupo reducido (segundo as necesidades do alumnado), preferiblemente de maneira virtual, a través da aplicación Teams.
Portafolios do alumno	
Prácticas clínicas	Estas titorías levaranse a cabo previa solicitude do estudiantado interesado, ou a petición do profesorado da materia se o considera preciso, sendo programadas nun horario consensuado co equipo docente, que non interfira en ningún caso co propio desenvolvemento da materia ou coa asistencia e participación do alumnado nas restantes materias do título nas que estea matriculado.
Actividades iniciais	
Recensión bibliográfica	Ademais, tamén se brindará atención personalizada mediante o correo electrónico e a través dos foros ou a opción de mensaxe privada da plataforma Moodle.
Obradoiro	

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A31 A28 A22 A20 A19 A16 A15 A14 A13 A10 A9 B4 B9 B18 B22 B24 C1 C6 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	20
Portafolios do alumno	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B1 B4 B18 B22 B24 C1 C6 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	15
Prácticas clínicas	A31 A28 A24 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A13 A12 A10 A9 A6 B1 B4 B5 B6 B7 B9 B18 B24 B29 C4 C6 C7	<p>Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a puntualidade, a responsabilidade, a iniciativa, o interese, a actitude ante as normas, a relación coas persoas usuarias, a relación co equipo de profesionais, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos previamente adquiridos, e a adquisición de novas destrezas e coñecementos.</p> <p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria.</p> <p>As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas deberán ser comunicadas ao centro conveniado e ao responsable da materia, sempre que sexa posible de forma previa. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.</p>	60



Recensión bibliográfica	A5 A13 A14 A20 A22 A24 A28 A31 B4 B18 B22 B24 C1 C4 C6 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), as destrezas e coñecementos adquiridos, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	5
-------------------------	--	--	---

### Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE nº 224 de 18 de setembro de 2003), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente/Matrícula de honra (Graciable).

A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación.

Para superar a materia, cada estudante debe participar activamente en todas as metodoloxías propostas, asistindo de maneira obrigatoria ao total de horas de Prácticas clínicas e ao 50% das horas correspondentes á metodoloxía Obradoiro (salvo ausencia debidamente xustificada), e entregando todos os traballos solicitados (Estudo de casos, Portafolios e Recensión bibliográfica). Ademais, deberá acadar unha nota global mínima de 5 puntos, e ter superadas, como mínimo, as metodoloxías de Prácticas clínicas e Estudo de casos. Para iso, será necesario ter unha cualificación mínima de 3,5 puntos (sobre 6) na metodoloxía Prácticas clínicas e unha cualificación mínima de 1 punto (sobre 2) na metodoloxía Estudo de casos. En caso contrario, non se sumarán nin serán tidas en conta as notas das restantes metodoloxías (Portafolios e Recensión bibliográfica), e a cualificación global da materia corresponderase coa nota obtida na(s) metodoloxía(s) suspensa(s).

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (febreiro) pola ausencia non xustificada ou o suspense das Prácticas clínicas, non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudante terase que presentar na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificadas por última vez no Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017).

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (febreiro) pola falta de entrega ou o suspense dos traballos correspondentes ás metodoloxías Estudo de casos, Portafolios e/ou Recensión bibliográfica, a/o estudante terá que repetir a entrega do(s) traballo(s) suspense(s) ou non presentado(s) na segunda oportunidade (xullo).

Segundo a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada polo Consello Social do 4 de maio de 2017), cando un(ha) estudante da materia teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, terá dereito a elixir de maneira preferente quendas e grupos de prácticas, entre os distintos horarios e rotatorios que se oferten na materia.

O docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspense '0' na materia, na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á oportunidade extraordinaria.

Asemade, o docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	A bibliografía de referencia desta materia dependerá das especificacións das/os docentes ou titoras/es, terapeutas ocupacionais, de cada centro de prácticas. Como orientación xeral, recoméndase a consulta das fontes de información referenciadas na guía docente da materia ?Terapia ocupacional para a autonomía persoal no adulto con discapacidade física?. Para a elaboración do Portafolios do alumnado, recoméndase o emprego e aplicación do Ciclo Reflexivo de Gibbs: Gibbs, G. (1988). Learning by Doing: A Guide to Teaching and Learning Methods. Oxford: Oxford Further Education Unit. Dispoñible en: <a href="https://hhs.hud.ac.uk/lqsu/Sessionsforall/supp/Gibbs%201988%20reflective%20cycle.pdf">https://hhs.hud.ac.uk/lqsu/Sessionsforall/supp/Gibbs%201988%20reflective%20cycle.pdf</a>
----------------------------	--



## Bibliografía complementaria

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Procesos de Terapia Ocupacional/653G01204

Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional/653G01206

Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia/653G01207

Terapia Ocupacional, Técnicas Ortoprotésicas e Desempeño Ocupacional/653G01208

Estancias Prácticas II/653G01210

Estancias Prácticas III/653G01211

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Rehabilitación no Adulto con Discapacidade Física/653G01302

Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no Adulto con Discapacidade Física/653G01303

#### Materias que continúan o temario

Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no adulto con Disfunción na Saúde Mental/653G01306

Estancias Prácticas V/653G01307

### Observacións

1.- Debido á situación actual derivada da pandemia por COVID-19, será preciso respectar o plan de seguridade ou continxencia establecido por cada centro de prácticas. Non obstante, o alumnado deberá cursar de forma presencial, como mínimo, o 50% das Prácticas clínicas. Ademais, para aprobar a materia, o estudiantado terá que participar activamente en todas as actividades desenvolvidas e superar todas as metodoloxías docentes propostas, tal e como se especifica no apartado de Avaliación desta guía docente. 2.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2020-2022)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a impresión de borradores. 3.- O docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún

cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao alumnado matriculado coa suficiente antelación. 4.- Para a correcta planificación das Estancias Prácticas, realizaranse, segundo o calendario oficial da Facultade, varias reunións de coordinación académica: Actividades iniciais: Establecemento de grupos de prácticas e distribución de quendas e rotatorios. Reunión do coordinador da materia co alumnado matriculado para a presentación dos recursos de prácticas e organización dos grupos de estudantes. Coordinación das estancias prácticas: Encontro entre o coordinador da materia e as/os docentes e titores/as terapeutas ocupacionais dos recursos de prácticas, de forma previa ao seu comezo e de forma posterior. 5.- Normas mínimas: O estudiantado deberá cumprir unhas normas xerais básicas de uniformidade, identificación persoal, puntualidade e respecto ás persoas usuarias, profesionais e instalacións dos recursos de prácticas. Ademais, deberanse respectar as pautas mínimas específicas que cada centro estableza para o correcto desenvolvemento das estancias prácticas. 6.- O docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente cualificación de suspenso '0' na materia, na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á oportunidade extraordinaria.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías